



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

correo electrónico: correo@betanzos.net

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE NORMALIZADOR/A LINGÜÍSTICO/A, GRUPO I, CONVOCADO POR RESOLUCIÓN DE 11/03/2025 (BOP DE 18/03/2025).

EXPEDIENTE: 2023/E001/000037

ACTA PRIMEIRA

Betanzos, o 10 de xuño de 2025, ás 9.30 horas, na Sala de Xuntas do Edificio Liceo, reúnese o Tribunal cualificador das probas selectivas para creación dunha bolsa de emprego de persoal laboral temporal de normalizador/a lingüístico/a, grupo I, designado por Resolución de 04/05/2025 e do que se atopan presentes os seguintes membros:

Presidente: Daniel Pereiro Cachaza, funcionario do Concello de Betanzos

Vogais:

Sonia Alonso Figueroa, persoal laboral fixo do Concello de Miño

María Beatriz Fernández Vázquez, persoal laboral fixo do Concello de Abegondo

Secretario: Eduardo Mera Rico, funcionario do Concello de Betanzos

Escusa a súa asistencia María Nuria Seoane Bouzas, funcionaria do Concello da Coruña.

Debido á presenza tanto do presidente como do secretario, así como de dúas vogais titulares deste Tribunal, considérase cumprido o requisito regulamentario para a válida constitución e actuación, polo que o Tribunal procede a:

Primeiro. Examinar, a través da lectura individual por cada un dos membros do Tribunal, a listaxe definitiva das persoas aspirantes admitidas, co fin de verificar a existencia ou ausencia de causas de abstención e recusación dos membros previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector Público e de conformidade co disposto no artigo 60.3 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que esixe que a pertenza aos órganos de selección o sexa a título individual e non se actúa en representación e por conta de ninguén.

Non concorre ningunha delas en ningún dos membros, segundo a manifestación de cada un deles.

Segundo. Comezar o desenvolvemento do proceso selectivo, concretamente pola súa primeira fase, o concurso de méritos, de acordo coa base reguladora número 7. Para iso, adóptanse, por unanimidade, os seguintes acordos relativos ao modo de valorar os méritos:

- En canto aos méritos académicos, xunto cos requisitos previstos nas bases reguladoras, e en desenvolvemento destes:



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

correo electrónico: correo@betanzos.net

- Non se valorará o título ou validación do CELGA 4, ao ser requisito para poder levar a cabo as funcións propias do posto de traballo.
 - Non se valorará a asistencia a cursos, formacións, congresos, encontros ou similares cando na xustificación que se presente non conste o número de horas de duración.
 - No caso da formación universitaria de grao superior, non se terá en conta a que foi requisito para o acceso ao proceso selectivo.
 - No relativo á formación relacionada con calquera ámbito da administración pública, ademais dos idiomas, a informática e os cursos sobre aspectos normativos, considérase transversal e, polo tanto, valórase a formación en materia de igualdade.
 - Unicamente se ten en conta a formación recibida, non a impartida.
- En canto aos méritos profesionais, xunto cos requisitos previstos nas bases reguladoras, e en desenvolvemento destes:
- Unicamente se ten en conta o desempeño profesional como técnico/a de normalización lingüística de igual ou similares funcións durante o tempo no que conste efectivamente a súa realización. Neste sentido, é preciso a constancia de certificado de servizos prestados co debido detalle do posto de traballo no caso de administracións públicas, e contrato de traballo e certificado de vida laboral no caso de entidades privadas.

Terceiro. Unha vez examinada a documentación presentada polas persoas aspirantes, e tendo en conta base reguladora número 7 e os acordos adoptados no apartado anterior, chégase á seguinte valoración:

	MÉRITOS ACADÉMICOS				MÉRITOS PROFESIONAIS				TOTAL CONCURSO
	FORMACIÓN UNIVERSITARIA	FORMACIÓN ESPECIFICAMENTE RELACIONADA	FORMACIÓN RELACIONADA	TOTAL MÉRITOS ACADÉMICOS	ADMÓ N. LOCAL	ADMÓN. AUTONÓM.	OUTRAS ADM. OU EMPRESA	TOTAL MÉRITOS PROFESIONAIS	
Barreiro Fuentes, Ainhoa	0,00	1,00	1,60	2,60	2,40	0,00	0,00	2,40	5,00
Castelos Medín, Uxía	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Kerdudo Baxter, Argantael Alva	0,00	0,00	0,50	0,50	0,00	0,00	0,00	0,00	0,50
López Gómez, Sara	0,00	0,40	0,00	0,40	0,00	0,00	0,00	0,00	0,40
Sánchez Fernández Natalia	1,00	0,00	0,00	1,00	0,00	0,00	0,00	0,00	1,00
Villaverde Santamariña, Beatriz	1,00	5,60	5,00	11,60	5,00	0,00	0,00	5,00	16,60

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

correo electrónico: correo@betanzos.net

Cuarto. Dar publicidade ás puntuacións e criterios anteriores na sede electrónica e no taboleiro de anuncios do Concello de Betanzos e conceder un prazo de tres días hábiles para presentar alegacións, que contarán a partir do día seguinte á publicación.

Conclúese ás 11:00 horas do día antedito.

Asinado electronicamente

O presidente

As vogais

O secretario